



AVENTURA POLO BAIXO MIÑO II (Tomiño)

DATOS XERAIS: Hotel Nueva Colina

ACCESOS: Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/WviqdTpS8YWQRVnb8>

ENDEREZO: Praza do Seixo 5 , 36740 Tomiño (Pontevedra).

Teléfono: 986 623 402

QUENDA	DATAS	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
1	30 de xuño ao 4 de xullo	13-14-15-16	Xogos de presentación e desinhibición, ruta ambiental polos Muíños do Folón e do Picón, visitas á Vila de Tui, Praia América, xornada lúdica no Río da Pedra, actividades sobre rodas (patíns, longboard, skate), tiro con arco, xogos predeportivos, actividades na praia (caiac, paddle surf, diverpraia), xincana en Tomiño, actividades artísticas, micrometraxe. <i>As actividades poderán sufrir modificacións en función das condicións meteorolóxicas.</i>
2	21-25 de xullo	13-14-15-16	NOTA: Para participar neste campamento é necesario saber nadar.

NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.

2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.

3. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.

4. Horario de chamadas: no momento da recepción o equipo de monitorado comunicarlles ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirán as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.

5. As persoas participantes deberán levar o **DNI** e as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberánse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

8. Nesta web, no apartado “Documentación para presentar (fase de adxudicación)”, está dispoñible o modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **18.00 e as 19.00 horas** no Hotel Nueva Colina (Tomiño).

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación poden contactar co teléfono **621 552 283** durante os **tres días anteriores á incorporación** ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse **entre as 16:00 e as 17.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

A equipaxe **debese preparar coa axuda do/a menor** para asegurarse de que recoñece toda a roupa que leva e evitar extravíos. **Tanto a roupa como outras pertenzas** (toallas, móbil e cargador, se é o caso, etc.) **deben ir marcadas** (por exemplo, coas iniciais do nome e apelidos cun rotulador permanente).

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sombreiro, gorra ou viseira
- Roupas deportiva e cómoda e roupa de abrigo
- Calzado cómodo para camiñar
- Chancletas pechadas ou escafpíns
- Roupas interior suficiente para todos os días da quenda
- Pixamas
- Chuvasqueiro
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Cantimplora

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Repelente para os mosquitos
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Lanterna ou frontal
- Bolígrafo e caderno